

A AEC disfraza agora a súa proposta de escravitude laboral para manter as 12 horas de xornada efectiva diaria.

**A AEC disfraza a sus proposta pero...
seguen querendo que traballes
12 horas ao día**



Onte, 30 de maio, tivo lugar unha nova reunión da mesa negociadora do convenio de consultoría, froito das mobilizacións das últimas semanas, que forzaron á patronal AEC (Asociación de Empresas de Consultoría) a convocala.

Acudiamos coa esperanza de verificar se captaran a mensaxe das plantillas e regresaban con outro talante máis aberto ao diálogo. **Nada máis lonxe da realidade**, a AEC convocou e presentouse si, pero veu con ganas de “entroido” e disfrazou o seu discurso para facernos crer que cambiaran as súas propostas, cando o fondo segue sendo o mesmo, **ESCRAVITUDE LABORAL**.

En primeiro lugar, non queren nin escoitar falar de reducir o máis mínimo as 1800 horas anuais.

Segundo, continúan expondo unhas táboas salariais que parten, practicamente, do SMI, con salarios de 14.292,50 € para a área 1, grupo E nivel II por exemplo.

Terceiro, din que retiran as súas propostas de xornada cando en realidade unicamente desisten en facernos traballar gratis os sábados pola tarde.

Pretenden adaptar ao seu antollo o artigo 20 do convenio, suprimindo a obrigación de pactar a distribución da xornada semanal coa RLPT e así poder “acordalo” individualmente coa persoa traballadora. Isto deixa nunha situación de absoluta indefensión as plantillas quen, ou aceptan a proposta ou se arriscan a saír da empresa cunha indemnización máxima de 9 meses (artigo 41 ET).

En resumo: **SEGUEN QUERENDO QUE TRABALLES 12 HORAS AO DÍA.**

Cuarto, continúan insistindo na implantación do horario de servizo, para poder modificalo a gusto do cliente cun simple aviso previo/previo aviso de 5 días.

Quinto, manteñen o seu modelo de clasificación profesional dividida en 4 áreas totalmente difusas e interpretables.

Comunicado TIC



31 de maio de 2022

Por último, fan unha proposta de teletraballo na que se abren a definir a dotación (ademais do portátil, inclúen pantalla, rato e algún periférico) pero nin se expoñen a plasmar unha compensación dos gastos derivados.

Viñan con ganas de entroido ou non? Non me diredes que este discurso ben vale unha chirigota.

Desde **CCOO** deixámoslle moi claro que ese non é o camiño e que en ningún momento imos dar por boas propostas que empeoren o propio Estatuto dos Traballadores.

Ante esta nova decepción non nos queda máis remedio que continuar co calendario de mobilizacións entre as que non se descarta a convocatoria de folga en xuño.

ESTA VEZ IDESNOS A ESCOITAR

Lembra que podes continuar contribuíndo a que retiren a súa proposta asinando esta petición en " Change.org" <https://bit.ly/NOPrecaryTIC>, apúntaste?

E non esquezas darlle máxima difusión en redes sociais # ConvenioTICdigno # NoPrecaryTIC

CCOO É O TEU SINDICATO AGORA MÁIS QUE NUNCA. [AFÍLIATE!](#)